

Desde hai algún tempo ando ocupada na realización dunha tese que versará sobre unha actividade de grande repercusión, tanto económica como sociolóxica e cun enorme impacto no patrimonio, cal é a restauración e conservación de edificios de diversa tipoloxía para dedicalos á explotación dentro do chamado *Turismo Rural*, un tema que nunca tivo na Galiza o estudo rigoroso que merece. Propúxeme o obxectivo de esclarecer os criterios e resultados da súa reutilización, así como a existencia ou non dunha sensibilidade estética e dunhas formulacións que casen o respecto á memoria coa modernidade e, lóxicamente, mostrar os posibles danos sobrevidos pola extensión do negocio entre os anos 1985 e 2000, datas que abranxe o período a estudar.

Unha das grandes conquistas do século XX foi a dispoñibilidade de maior tempo de descanso. A diminución da xornada laboral propiciou que o home conte con máis horas para desenvolver actividades que desfruta sen ningún tipo de remorso, pois esa folganza xa non encerra a connotación puritana que a asociaba ao pecado.

O turismo é hoxe a práctica preferente do usuario que desexa encher ese tempo libre, así como nunha das preocupacións das autoridades por constituír un dos recursos comerciais máis importantes da economía mundial, mesmo por riba do petróleo. As cifras falan por sí soas: segundo a Organización Mundial do Turismo, a finais do milenio realizáronse 661 millóns de visitas turísticas¹.

Resulta imposible dar unha definición unidiccional do fenómeno turístico, pois deberá comprender diversos puntos de vista, desde o psicolóxico ao xeográfico, económico e mesmo antropolóxico. Seguindo a San Martín,² sería máis lóxico tratar de distinguir algúns dos seus compoñentes: o movemento (deslocamento); a descuberta (pois o lugar visitado é diferente a aquel onde se desenvolve a vida cotiá); un aspecto experiencial (o turista deberá sentirse turista). Pero, por cima de todo, o turismo implica un grao de impacto ambiental, económico e social.

Calquera intervención pública, desde a restauración monumental á mellora de vías de comunicación, encamiñase a conseguir o maior número de visitantes posible e, dentro destas aspiracións, brilla con luz propia o turismo cultural. Se atendemos aos cantos de serea emitidos a través dos medios de comunicación, poderíase crer que o maior desexo dos nosos gobernantes é o de formar unha cidadanía culta, preocupada por uns monumentos protexidos e restaurados

¹ Recollida por SAN MARTÍN, J, *Psicología del ocio y del turismo*, Málaga Aljibe, 1997, páx 27

² *Ibidem*, páx 34-35



Xunqueira



Hermida



Trives



Merced



Bentrances



Turbisquedo



Paradela

conforme a pautas lóxicas. O incremento do turismo contribuiría a esa mellora patrimonial, ao dispor de maiores inversións.

A realidade é ben distinta. Non pode negarse que inxentes cantidades do orzamento público e privado se destinan á restauración monumental, pero os resultados, por desgraza, indícanos que moitas veces prima máis a vaidade dos mandatarios, empeñada en deixar impronta dos cartos investidos, por non falar do vello problema de lucimento dos arquitectos. Canto máis proveitoso é o pasado como lugar de exhibición, máis graves son os riscos. Os ingresos turísticos poden axudar a controlar a erosión física pero, en palabras de Lowenthal, *“nin a máis estrita vixilancia pode facer outra cousa que mitigar a vulgaridad e a perda de ambiente que vai unida á popularidade”*³

A procura de formas de vida do pasado xunto co ecoloxismo como valor en alza, conduce a un crecente protagonismo do *Turismo Rural*, o cal fomenta un xénero de aloxamento que tende á incorporar a fisiognomía cultural da rexión, tendencia cunha grande aceptación entre os consumidores de ocio. Este tipo de turismo supón diversas vantaxes. Por parte dos usuarios, o retorno ao aire libre e á natureza para poder descansar da vertixe que ocasiona a vida nas grandes urbes; e por parte dos donos, un xeito de obter rendabilidade agora que a Comunidade Europea está a regularizar, e mesmo suprimir, distintos tipos de cultivos agrícolas que constituíron a súa forma de vida tradicional. De aí o interese das administracións por fomentalo como alternativa, aínda que non deixan de surxir voces críticas por esta reconversión dos nosos labregos en hoteleiros sen tratar de buscar outras posibilidades para o sector.

A máis das visitas de campo, a nosa recollida de datos baséase nos aportados polos expedientes depositados na Dirección Xeral de Turismo, dos que fixemos unha lectura case literal, significativa a nivel descritivo e, sobre todo, interpretativa, pois di moito respecto dos criterios dos Inspectores de Turismo á hora de aplicar a normativa. Ditos expedientes conteñen, na maioría dos casos, os informes dos profesionais que levaron a cabo as diversas restauracións, permitindo apreciar, de modo directo, o espírito con que foron acometidas. Na súa transcripción recóllense as deficiencias que presentaban os establecementos na data da súa apertura (que sempre se indica), moitas xa corrixidas na actualidade, pero que reflicten atinadamente a actitude dos donos, a súa seriedade e profesionalidade ou, pola contra, se emprenderon a aventura do *turismo rural* como un expediente rápido para obter beneficios dunhas explotacións economicamente deficitarias, ou, por aproveitar unha subvención e arranxar unhas ruínas máis ou menos antigas

Galiza conta na actualidade cunha ampla oferta neste campo. Nas catro provincias existe un total de 4.436 prazas, distribuídas en 397

³ LOWENTHAL, D. *El pasado es un país extraño*, Madrid, Akal, 1998 pág 556

establecementos, coa seguinte ubicación provincial: A Coruña 104; Lugo 114; Ourense 60 e Pontevedra 119⁴.

A tipoloxía dos establecementos é variada. Segundo a normativa vixente, establécense tres categorías para a súa clasificación: O Grupo A, abrangue *pazos, castelos, mosteiros, casas grandes, casas reitorais e aquelas que polas súas singulares características e valor arquitectónico, son recoñecidas como tales polos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galiza*. O Grupo B, refírese a *casas de aldea sitas no medio rural, que pola súa antigüidade e características de construción responde á tipicidade propia das casas rústicas galegas*. Por último, o Grupo C inclúe as *casas de labranza, ou sexa casas rústicas sitas no medio rural, que desenvolven actividades agropecuarias nas que poden participar os hóspedes*⁵.

Dos tres grupos, o máis numeroso é o B. Na provincia de Ourense, dun total de sesenta establecementos, corenta e un corresponden a esta categoría; dezaioito ó Grupo A, repartidos entre pazos, torres e casas reitorais, con unicamente un encadrado no Grupo C. Na Coruña existen sesenta e tres Casas de Aldea, fronte a trece aloxamentos do Grupo A e vinte e dous do Grupo C. En Lugo, a proporción é de sesenta e sete aloxamentos turísticos encadrados no Grupo B; catorce no A e trinta e unha Casas de Labranza. No tocante á provincia de Pontevedra, dun total de cento doce establecementos ofertados, dezaseis corresponden ó Grupo A e quince aó C, figurando oitenta e un do Grupo B.

Dos trinta e nove pazos adicados a Turismo Rural, catro acadan a categoría BIC, a máxima outorgada pola nosa Lei de Patrimonio: tres na provincia da Coruña: **Torre Xunqueira** (Pobra do Caramiñal), **Pazo de Hermida** (Lestrove, Dodro) e **Pazo da Mercede** (Neda). Na provincia de Ourense atópase a **Casa Grande de Trives**.

Dentro da segunda categoría recoñecida pola Lei de Patrimonio de Galiza para súa protección (Bens Catalogados)⁶, nove son os edificios incluídos. Na provincia de Ourense, **Pazo de Bentraces** (Barbadás); na Peroxa o **Pazo de Turbisquedo**; en Trives o **Pazo Paradela** e en Ribadavia o **Pazo de Esposende**. Na provincia de Lugo, **Pazo de Terrafeita** (Trabada); e o de **Vilabade** (Castroverde). Dous son os catalogados na provincia de Pontevedra: o da **Touza** en Nigrán; **Torres de Agrelo** (Redondela); na provincia da Coruña, o **Pazo de Sedor** (Arzúa).

Outros pazos destinados a Turismo merecen, polas súas características, figurar no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural galego.⁷ É o caso do **Pazo A Nugalla** (A Estrada), na provincia de Pontevedra. Na provincia de Ourense e no concello de Celanova, **A Fábrica**, ou no Barco de Valdeorras, o **Pazo do Castro**. Na



Esposende



Terrafeita



Vilabade



Touza



Torres Agrelo



Sedor



Nugalla

⁴ Datos obtidos de Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (febreiro de 2003)

⁵ L 9/97, de 21 de agosto, artgº 47

⁶ Artigo 17

⁷ Artgº 22 LPCG



A Fabrica



O Castro



Macenda



Da Pena



Andeade



Souto



Trave

provincia da Coruña, **Pazo Macenda** (Abegondo); **Pazo da Pena** (Santiso); **Andeade** (Touro); e **Pazo do Souto** (Carballo). Na provincia de Lugo, localízase en Viveiro o **Pazo da Trave**.

Para rematar esta primeira aproximación ás edificacións que figuran con categoría de Pazo, debemos reseñar outras que non aparecen inventariadas por Patrimonio, como o caso do **Pazo Cibrán** (Vedra), na provincia da Coruña. Na mesma situación atópase, na provincia de Lugo, a **Torre do Barrio** (Sarria) ou o **Pazo das Casas** (Chantada) e, na provincia de Ourense, o **Pazo Almuzara**.

As Casas Grandes son, despois dos pazos, os establecementos de máxima categoría, resultando moitas veces difícil discernir a liña que os separa. Dez son as dedicadas ao turismo rural, repartidas xeográficamente: dúas na provincia de Pontevedra, tres na Coruña, outras tantas en Lugo e dúas en Ourense. Destacan, en Silleda (Pontevedra), a **Casa Grande de Fuente Mayor**. Na Coruña a **Casa Grande do Soxal** (Cesuras) e a do **Bochao** (Santa Cristina de Fecha-Compostela). En Lugo, a **Casa Grande de Camposo** (O Corgo). En Allariz Ourense, ubícase a **Torre Lombarda**.

No ano 1998, ábrese ao turismo a primeira **reitoral** en **Fofe** (O Covelo-Pontevedra), á que se unirán a de **Areas** (a única catalogada), tamén en Pontevedra, e a de **Armariz**, no Concello de Nogueira de Ramuín (Ourense).

No tocante ó Grupo B, integrado pola casa típica galega, construción en pedra ou cachotería, coberta de tella na Coruña e Pontevedra, e de lousas de pizarra en áreas de Lugo e Ourense, deberá ser anterior a 1940, salvedade facilmente obvia, xa que abonda cun certificado do Concello sinalando que a edificación é anterior a esa data, se ben a sobardan con creces na maioría dos casos. Moitas das destinadas a turismo foron mercadas, pero existe un bo número delas recibidas en herdanza, casas familiares emprazadas no medio rural, que durante anos formaron parte da vida agrícola, tan importante na Galiza. Abandoadas nun principio polas novas xeracións, que buscaron outros xeitos de vida emigrando ás cidades, recupéranse agora para exercer unha nova función.

Dende o punto de vista de reutilización do patrimonio, son o grupo máis salientable. Pois, si no Grupo A é importante a recuperación de edificios de enorme valor artístico, que doutro xeito corrían perigo de perderse, neste grupo destaca a variedade tipolóxica. Así atopamos muíños, ferreirías, lagares, un antigo lugar de pescadores, xunto con elementos como alpendres, reloxos de sol, hórreos e pombeiros.

Polo que respecta ao Grupo C, convén sinalar que é, con diferenza, o grupo menos interesante. Podería definirse como un *totum revolutum* onde todo ten cabida: casas de nova construción (algunhas cunha antigüidade de seis ou oito anos), sen ningún tipo de interese arquitectónico, máis ben ó contrario, pois moitas seguen as pautas dese nefando fenómeno mal chamado *feísmo*, que nos últimos anos causa estragos ao longo do noso territorio.

Os materiais empregados na edificación destas moradas son tixolo, cemento, aluminio... Observando os expedientes, non se entenden os criterios seguidos pola Administración para dar o visto bo a este tipo de inmobles. Os informes emitidos pola Inspección de Turismo son dabondo expresivos como pra engadir nada máis: “*casa corrente*”; “*casa sen ningún interese*”; “*nada que ver coa casa típica galega*”; “*hai que ter moitas ganas de ir ó monte pra aloxarse aquí*”, etc.

Tampouco cumpren, en moitos casos, outra das premisas marcadas pola Lei “*casas situadas no medio rural...nas que se desenvolven actividades agropecuarias nas que poden participar os clientes...*”. No centro urbano de Cambados atopamos a **Casa Mariñeira Lourdes** ou **A Pastora**, onde non debe resultar doado apañar ovos ou sachar unhas leitugas.

Nun marco de caos urbanístico e agresión ao patrimonio arquitectónico é onde cobran gran importancia actuacións como a rehabilitación subvencionada pola Administración (e que obtivo un importante financiamento da CEE vía FEDER) de casas rústicas con destino a usos turísticos, polo carácter exemplarizante que deben ter, ao servir de elementos indutores que instalen na poboación -nos propietarios de inmobles semellantes- unha conciencia respectuosa co legado patrimonial e aberta, ao tempo, a uns gustos contemporáneos no que atinxe á arquitectura e cultura material: enxoval, decoración de interiores, contorna medioambiental, etc.

Cómpre clarificar a nosa postura ao respecto, que nun principio é positiva, non porque pensemos que, ante ás diversas dificultades ás que tiveron que facer fronte os labregos pola entrada de España na Unión Europea (cuota láctea, supresión de cultivos tradicionais, etc), o *turismo rural* deba ser a panacea, senón polo que supón recuperar construcións tradicionais, sexa como negocio, sexa como *exempla* cara aos convicciños de que este tipo de inmobles continúan sendo un valor. Neste campo, o labor dos arquitectos é fundamental, en palabras de Zevi: “*Unha cultura orgánica –no seu esforzo por dar unha base e unha historia ao home moderno, disperso e sen raíces...- non pode empregar, ao dirixirse ao pasado, dous distintos metros de xuízo para a arquitectura moderna e a tradicional*”⁸

Non podemos perder de vista que estamos diante dun fenómeno dos noventa, posterior por tanto á publicación da L16/85, de vinte e cinco de xuño, de Patrimonio Histórico Español e, a partir de 1995, da nosa Lei de Patrimonio, é dicir, dunha normativa clara en materia restaurativa.

Esta recuperación patrimonial por medio da restauración (entendida como “*o conxunto das técnicas e dos actos proxectuais concretos que permiten realizar o obxectivo da conservación, mantendo vivos e vixentes os documentos históricos, sen por elo rendelos, de novo dispoñibles e idóneos para absorber útiles funcións para o presente*”⁹) resulta positiva en varios aspectos, o máis

⁸ ZEVI, B. *Saber ver la arquitectura*. Barcelona: Poseidón, 1991, pág 14

⁹ BENVENUTO E-MASIERO R, *Memoria del futuro. Una reflexión sobre la relación entre Patrimonio y Arquitectura*, en *Cuadernos de Arquitectura y Patrimonio*. Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, Junta de Andalucía, 1992, pág. 10



Cibran



Torre do Barrio



Almuzara



As Casas



Fuente Mayor



Soxal



Bochao



Camposo



Torre Lombarda



Fofe



Areas



Armariz



importante, desde o punto de vista histórico, é salvar moitas edificacións que se terían perdido, e que mercede a esta iniciativa poden resgatar, manténdose como documento, seguindo unha corrente que empezou nos países anglosaxóns e mudou o concepto de arquitectura perdurable, ao desenvolver novas sensibilidades patrimoniais e conceptos sobre a memoria, o que permitiu, por exemplo, transformar a *Gare du Nord* parisiña en museo ou palleiros ingleses en restaurantes. Ao seu carón, non cabe esquecer as vantaxes económicas, xa que a reutilización de edificios vellos resulta sempre menos custosa que facelos de novo.

Atopámonos, pois, ante a fórmula máis axeitada para tecer unha rede de hostelería que aproveite as novas tendencias turísticas: procura de tranquilidade, contacto coa natureza, volta a xeitos de vida tradicionais. Dado que estas restauracións reciben axudas da Administración a través de diversos fondos, esperaríamos un férreo control, especialmente nas tipoloxías nobres (tanto pancegas como nas de arquitectura tradicional), no sentido de acatamento á legalidade, uns criterios de respecto polo exterior e interior, con emprego de materiais de cualidade, mantendo, dentro da adaptación a unha *vita nuova* de usos turísticos, a atmosfera de antigüidade que se manifesta “*inmediatamente a quen o contempla a través da percepción sensorial máis superficial (a óptica) e pode por tanto falar directamente ao sentimento*”.¹⁰ Todo o anterior é compatible co o emprego de novas técnicas ou materiais máis durareiros, funcionais e aillantes, algo aceptado desde a Carta de Atenas de 1931¹¹. De nada serve mirar ó pasado e lairse da decadencia deste patrimonio, conservándoo incólume pero morto, á maneira de Ruskin; pola contra, a adaptación aos tempos permite (no caso dos pazos e casas grandes), unha apertura ó mundo e a posibilidade de desfrute por parte de todos duns edificios reservados ata hai ben pouco a unha elite, na que “os outros” non tiñan cabida.

Porén, ese control non foi tan rigoroso como cabería agardar, algo que non sorprende se temos en conta que a primeira que incumpre a súas normas é a propia Administración, empezando pola clasificación. A normativa é moi clara na catalogación das distintas categorías. Así, sinala que as casas do grupo B (casas de aldea) deben ter unha antigüidade (anteriores a 1940) e a tipoloxía responderá ás das casas rústicas galegas. Pois ben, coa lei na man, non se entende que podan entrar neste grupo **O Casal** (Cotobade), do ano 1999 “*casa en ruínas de 40m²*”, di a escritura, cuxo comedor actual mide 49m² ou a **Fonte Grande** (Tomiño), “*casa de pranta baixa*” feita no 1999 con baixo e sobrado etc. Unha cousa é a restauración (modificación do espacio interior para adaptalo aos novos usos, pero mantendo a arquitectura), e outra ben distinta a reconstrución. Se a partir dunhas ruínas se constrúe un edificio, haberá que data-la no século XX e non no XIX, todo o resto é engano.

¹⁰ RIEGL, A, El culto moderno a los monumentos, Madrid, Visor, 1998, pág 55

¹¹ Artgº V

Se consideramos outra das características do Grupo, a tipoloxía tradicional, non podemos entender como se encadran a **Casa Celsa** (Lalín), **Casa Teixeira** (Pedrafita do Cebreiro), a **Casa das Pías** (Pontearreas) ou **Cabeza de Boi** (Meis), por sinalar algunhas mostras. En ocasións, os informes da Inspección de Turismo non se corresponden coa realidade. Así acontece na **Casa Brais** (Barreiros): ante unha fachada pintada de branco, pode lerse nun informe do ano 1993 “*fachada de cemento*”, mentres que en 1999 xa era unha “*casa rústica galega de pedra á vista*”. Tamén son contraditorios, na **Casa Jaime** (Pedrafita do Cebreiro), o informe do cinco de marzo de 1995 dí que debería aplicárselle a categoría de *hostal* e cinco días despois (dez de marzo) emítese un novo informe onde se afirma que non existe impedimento para declárala *casa de aldea*, sen que nada teña mudado.

É verdade que ditos informes non son vinculantes e, por tanto, carecen de toda influencia nas categorías. Cando o *turismo rural* botou a andar en Galiza e cumpría facerse cunha rede máis ou menos ampla, poderían, ata certo punto, desculpase algunhas deficiencias; o que xa non é de recibo é que neste novo século, cunha oferta máis que abundosa, se sigan a cometer tales torpezas. O trinta de novembro de 2001, a Directora Xeral de Turismo María Antón Vilasánchez, emite un informe relativo a unha casa no que se pode ler: “...*Non consideramos procedente a súa autorización como casa aldea xa que, segundo nos informan, alterouse na rehabilitación do inmoble a tipoloxía arquitectónica...debería procederse a súa reclasificación turística causando baixa como establecemento de turismo rural...*”, pero na guía oficial publicada por TURGALICIA no ano 2003 continúa ofertándose con esa categoría, confundindo aos usuarios.

Estas deficiencias non atinxen só ao Grupo B, pois as ofertas encadradas no Grupo A, que pola súa categoría deberían ser merecedoras dun maior rigor, tampouco están a salvo. A fachada coa que se refixo a **Reitoral de Fofe** (Covelo), deixándoa irrecoñecible e allea a este tipo de construcións, ou o negativo informe do arquitecto da Consellería de Cultura, Manuel Chaín Pérez, referente ao **Pazo do Souto** (Carballo), que fala de iluminación “*pouco acorde coas características tipolóxicas e históricas do edificio*” e lamenta o verniz brillante aplicado á fachada “*que modifica duramente a imaxe tradicional da mesma ó modificar a cor e aspecto...*” non tiveron ningunha repercusión.

Pasando ao Grupo C, en teoría vivendas de labregos onde os hóspedes poden practicar agroturismo, o desconcerto é total. Aquí si que pode falarse dun desleixo absoluto, con casas de nova construción, tan populares e galegas como a **Casa Antiga do Monte** (Dodro) feita en 1997; **Casa Caloto** (Triacastela), de 1991; **Casa Lourdes** e **Casa Coxo** (As Nogais); **Casa Guillermo** (Barreiros) ou **A Pastora** e **Casa de Grande** (Cambados), construídas, respectivamente, en 1997 e 1985. No referente ás actividades agropecuarias, o desfavorable informe emitido pola Inspección de Turismo o vinte e cinco outubro de 1999, relativo á inclusión dentro desta categoría da **Casa Figueroa** (Redondela), vale máis que mil palabras “*A casa non está en terreno rústico senón reurbanizado; tampouco responde á tipoloxía de casa tradicional, ó contrario, rompe con este tipo*



Casa Mariñeira



A Pastora



Casal



Fonte Grande



Celsa



Teixeiro



Pías



Cabeza de Boi



Brais



Jaime

introducindo elementos urbanos; no tocante ás actividades, na citada casa observase a existencia dun galiñeiro, en deficiente estado de conservación, no que se ven media dúzia de galiñas, e unha pequena horta en estado abandonado, na que hai verdura nada entre as malas herbas e tamén unha parrá¹². Claro que se é por iso, a **Casa Puertas** (Oia), enmarcada no Grupo B, ten horta con frutais, galiñas e mesmo un porco.

Partindo destas premisas, e dada a laxitude mostrada pola Administración, non pode estrañarnos que os propietarios e os profesionais, á hora de acometer este tipo de traballos, busquen, por riba de todo, achegarse torpemente á idea do que os usuarios esperan atopar na verde e profunda Galiza: pedra, madeiras vellas, potes... e facelo do xeito máis sinxelo, cunha absoluta falta de estudio e imaxinación, desprezando ao factor humano que construíu e habitou a casa. De aí deriva a obsesión polo hiperinxebriismo e a antigüidade que caracteriza á maioría das Casas estudadas, onde o engano está á orde do día: fachada de cemento con pedra pegada para dar sensación de rusticidade -**A Lareira** (As Nogais), **Cantina Mustallar** (Cervantes)-; algo que se contaxia á propia Administración, que manda cubrir con pedra a escada exterior de cemento de **Leira Braulia** (A Guarda); traves de castaño simulando un forxado antigo (**Casa da Calzada**, Boiro). Esta falsificación céntrase maiormente no exterior, que conforma a estética restauradora de hoxe en día, mentres que o interior se baleira totalmente para reconstruílo de novo, constante que se observa na maioría dos casos analizados. Ao contrario da concepción de Zevi (*“a arquitectura non deriva dunha suma de lonxitudes, anchuras e alturas dos elementos construtivos que envolven o espazo, senón dimana propiamente do baleiro, do espazo envolto, do espazo interior, no que os homes viven e se moven”*)¹² a tendencia actual convida a ver os edificios desde fóra: *“En Galicia aparece hoxe unha patrimonialización de cascos históricos, elementos etnográficos, contornos naturais e históricos, etc. Estes procesos hai que poñelos en relación coa autointerpretación da memoria social e tamén cunha moda social. Con afán conservacionista nalguns casos e “actualicista” noutros, o papel da arquitectura é neses procesos de elemento reinterpretado, con valor de contemporaneidade e actualidade no interior e con valor evocativo de respecto pola memoria no exterior (fachadismo)”*¹³. Nin sequera un BIC como o **Pazo de la Mercede** (Neda), fica a salvo, antes ben, o arquitecto restaurador (propietario do inmovible) informa na memoria sen ningún rubor que coas técnicas de hoxe pode alcanzarse o sabor antigo, non dubidando en aplicar aceiro de chapa grecada oxidada e envellecida ou formigón aburbullado que dá aparencia pétreo. Tampouco hai de que asombrarse vivindo nesta sociedade onde conta só o disimulo, o aceno vacuo, e o *turismo rural* non ía ser a excepción, por iso o propietario do **Pazo Finca A Galea** (Alfoz), declara orgulloso que restaurou un muíño seguindo o seu propio criterio e ten mentes de construír (como así fixo) unha torre almeada.

¹² ZEVI; A. op. cit., pág 20

¹³ PEREIRO PEREZ, X *Patrimonialización, museos e arquitectura: caso Allariz. Seminario Internacional “Cultura e arquitectura”*. Porto, Unv. Fernando Pessoa. Santiago: ed. Lea, 1998, pág 131

Claro que non todo foron falcatuadas. Son moitos os exemplos nos que podemos congratularnos de que grazas ao turismo se recupera unha parte da nosa historia pola claridade de ideas dalgún arquitecto. É o caso do pontevedrés Alfonso Penela, cunha obra que inclúe numerosos proxectos públicos, como facultades universitarias ou pavillóns desportivos, de aí que cando acomete a rehabilitación da **Casa de Aldán**, en Cangas, o faga desde unha perspectiva totalmente actual, sen apenas reminiscencias do pasado, non sendo algunha pequena pegada como os antigos lavadeiros que fican á vista. Da antiga fábrica só perviven os muros de cachotería, que, igual que os que pechan os conventos urbanos, actúan como aillante do mundanal ruído, complementados cun zócalo e escaleiras de madeira *London*, semellante aos empregados nas cobertas dos barcos, e o cristal. Toda a madeira interior é de cedro, salvo nos cuartos de baño onde se utilizou piñeiro tea galego. As áreas comúns e privadas están perfectamente diferenciadas. A reforma, cun praneamento funcional, destaca pola súa modernidade e claridade de liñas. O comedor ten o chan de vidro para poder ver o antigo depósito de salgadura, situado debaixo. Un patio interior, recoberto de pedra, que une a casa coa factoría, conserva o depósito para lavar e clasificar o peixe.

A xeito de conclusión, podemos afirmar o seguinte:

Os desprazamentos turísticos masivos supoñen unha democratización das viaxes, reservadas ata mediados de século ás elites como unha demostración de *status*, e aos raros viaxeiros que sempre cultivaron a paixón da odisea, de camiños dos que se volve pleno de coñecemento. O feito de que os xubilados, por exemplo, podan gozar de roteiros antes exclusivos, é un adianto indiscutible do benestar social, de acceso democrático a experiencias culturais e lúdicas por parte de camadas de poboación tradicionalmente marxinas.

Trátase dun progreso incontrovertible que, non obstante merece algunha matización crítica, como a patente distancia entre a lexislación turística -declaración de intencións case sempre louvable- e a realidade fundamental do turismo como *negocio*. Así, as severas prescricións legais ceden habitualmente para non estorbar ou incomodar ás masas viaxeiras. O negocio é difícil de compatibilizar coa defensa de valores patrimoniais auténticos.

Un efecto que revela o carácter de manifestación da sociedade do espectáculo que adquiriu o turismo, vézmo-lo na conversión de certas cidades en museo e da poboación en figurantes. A organización de festas *típicas*, as mostras de artesanatos folclorizantes (o muiñeiro que muiña para recreo dos visitantes), son elocuentes probas do que dicimos. Aparece entón a *aculturación*. O etnocentrismo, amparado por campañas publicitarias, converte minorías culturais (comunidades cun perfil étnico diferente) en produtos exóticos, os suxeitos en obxectos de consumo e a súa cultura en atracción turística.¹⁴ Tamén os investimentos millonarios que se fan nas grandes cidades (proxectos arquitectónico-museísticos, exposicións, etc) revisten ese carácter de



Antiga Casa do Monte



Casa Lourdes



Casa Caloto



Casa Grande



Casa Coxo



Casa Guillermo



Casa Puertas

¹⁴ CARVAJAL, J, Op, cit, páx 53




Casa Figueroa



Casa de Aldán



Casa de Aldán



Casa de Aldán

fabricación dun *acontecemento* e de construción dunha identidade cara fóra. *Somos* para que nos vexan, en lugar de que veñan a vernos polo que somos.

A redución ao absurdo deste trafego turístico chega cando nos dispoñemos a manter a cidade limpa polo que dirán os turistas; a organizar eventos profanos ou relixiosos que sexan vistosos para o viaxeiro; a fomentar tópicos totalmente desvirtuados (venta de meigas *made in China* en Compostela); a conservar uns sinais de identidade cultural polo atractivos que resultan aos estraños para, acto, seguido viaxamos nós, e os que antes nos contemplaban pasan a ser hóspedes-figurantes *representando*, obsequiándonos con festas, exposicións ou monumentos emblemáticos (publicitados como reclamo turístico) en puntual correspondencia. Deste modo, e por turno, executamos uns e outros, os papeis reservados no espectáculo, ata acabar convertidos “*en buboneros y en siervos que buscan propinas*”¹⁵ De aí que as palabras de Loventhal nunca tivesen tanta actualidade: “*Os nosos propios pasados apreciados como vestixios, están despoxados dos significados iconográficos que unha vez incardinaron... Na actualidade, convertido nun país estraño cun próspero negocio turístico, o pasado experimentou as consecuencias normais da popularidade. Canto máis se lle apreza polo que é en si mesmo, tanto menos real ou relevante se volve*”¹⁶

Talvez todo se deba un factor epocal inevitable, acaso conveña aproveitar o impulso, a inercia sociolóxica, con sabedoría oriental, pero non se debería perder de vista o que é de verdade unha experiencia cultural. O turismo -entendido como viaxe ulisíaca- de coñecemento de testemuñas artísticas, de apreciación de paisaxes, de aproximación á diversidade cultural, é unha experiencia de enriquecemento educativo e lúdico análogo á lectura, á contemplación das artes plásticas ou do cinema. Sería lamentable que se reducise a unha conta de resultados, a mero recurso económico ou a *rebumbio* mediático.

Problemas derivados da verisimilitude, patrimonio, non pantomima.

Os que están:

Nabuco: reis magos, nave central de san apolinar de rávena

abacuc-donatello

Cloti

teas: Mosteiro de Santa María la Real de Huelgas Burgos

Tomás de Citeaux: un vestido é digno de eloxio por catro razóns: a preciosidade do material, o seu carácter artístico, o esplendor das cores e a suavidade do aroma

tafetán tecido de seda con alternancia de fíos pares e impares por riba e por baixo da trama

¹⁵ JONHSON, F. *Ruritania here we cone*, artigo aparecido en The Times o 23-6-1981, recollido por LOWENTHAL, en op. cit., páx 559

¹⁶ *Ibidem*, páx 8

brocado: seda con fíos de ouro

liños, lá, veludo que dá caída especial, seda reservada aos personaxes rexios como Nabuco que segundo os manuscritos debe ir ricamente vestido co manto máis luxoso que haxa na igrexa

Daniel viste unha espléndida túnica verde (tinte) ricamente decorada embozada en amplo palio ue lle chega aos pés.

O bautista ten aspecto desaliñado a vestimenta de Moisés é pesada con longo manto e ampla túnica

cortes simples, rectos, sen adaptarse ao corpo, túnicas drapeadas como as que destacan no Pórtico, xgando co volume que dan as pregas, todo cosida a man, atado con fitas, non botón nen cremalleiras, colos desbocados 1 corchete

Cores: policromía, o medieval gustaba inmenso das cores vivas o que lle dá aos manuscritos unha luminosidade especial producida pola proximidade das cores puras: vermello, azul, verde, ouro, zonas cromáticas definidas sen claroescuros Tomás de Aquino; a beleza precisa de proporción, integridade e **claritas**, ou seña claridade e luminosidade

Tipos:

saia encordada, sen mangas, aberta por un costado

pelote de **pelis**, forrado de pel de coello, 2 grandes aberturas laterias que empezan nos ombreiros e rematan na cadeira. xograres camisas de liño e calzas

Complementos: galón (Cloti), xoias (Lisboa), birrete

sandalias e zocos de coiro

Maquillaxe: ollos a partir dunha máscara, cella tapada e por riba outra esculpida

Guillaume Durand: as diversas historias tanto do Novo como do vello testamento están ilustradas segundo o gusto dos pintores pois os pintores e os poetas tiveron sempre igual facultade de atreverse a facer a súa vontade.